



SECTOR LÁCTEO

INFORME SECTORIAL 7

Producción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-27



Fundación Juana de Vega
2022



Fundación
Juana de Vega



Producción de leite de vaca nas rexións NUTS-2 da UE-27

Rexións NUTS-2

Preséntase neste documento unha breve análise das rexións da UE-27 cunha maior produción de leite de vaca, comparando os últimos datos dispoñibles, ano 2020, respecto a 2014 e 2019.

As rexións estúdanse segundo as unidades territoriais NUTS, establecidas no Regulamento N°2066/2016 da Comisión Europea, escollendo o nivel NUTS-2 por atoparse as Comunidades Autónomas españolas neste nivel. Asíse que esta división pode crear distorsión, pero considérase que esta é a clasificación zonal máis acaída para ver o que ocorre en rexións “semellantes” a Galicia.

Na Figura 1 reflíctense as vinte rexións cunha maior produción de leite (entregas á industria + consumo na granxa) na UE-27 no ano 2020 segundo datos da Eurostat. O sur de Irlanda é a rexión NUTS-2 cunha maior produción de leite de



vaca, superando os 6 millóns de t, seguida da Bretaña francesa con 5,6 millóns de t e da Lombardía italiana con 5,1 millóns de t. Galicia, única rexión española presente neste listado, encóntrase na parte media do mesmo, ocupando o noveno lugar. Estas 20 rexións, que representan o 8% das rexións NUTS-2 europeas, producen máis de 61 millóns de toneladas de leite, equivalente a máis do 42% da produción da UE-27.




Figura 1. Produción de leite (x1.000 t) nas principais rexións produtoras da UE-27 (2020).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 2 pode verse o mapa da produción na UE-27 por rexións NUTS-2 (producións do ano 2019 ao ser o último con todas as rexións con datos dispoñibles). Gran parte da produción concéntrase no arco atlántico, sendo Galicia a rexión máis ao sur cunha maior produción da UE.




Figura 2. Producción de leite nas rexións NUTS-2 da UE-27 e países veciños (2019).

Fonte: Eurostat

Na seguinte figura analízase a variación da produción entre os anos 2014, último ano coa produción restrinxida polas cotas lácteas, e 2020, último ano con datos dispoñibles na Eurostat das rexións NUTS-2 (Figura 3). Destaca o gran incremento do sur de Irlanda, con 1,5 millóns de t (un incremento do 32,3% nun período de 6 anos), mentres que ningunha outra rexión supera as 500 mil t ou o 20% de incremento. Entre o 10% e o 20% de incremento atópanse 10 rexións, 4 neerlandesas, 3 polacas, Lombardía (Italia), Lüneburg (Alemaña) e Galicia, que aumentou a súa produción nun 12,2%. E cun crecemento inferior ao 10% están 4 rexións alemás, 3 francesas, Emilia-Romagna (Italia) e Syddanmark (Dinamarca), rexistrando especialmente no caso das francesas un menor crecemento en comparación ao resto de rexións.




Figura 3. Variación da produción (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras de UE-27 (2014-2020).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.





Na Figura 4 pode verse a variación respecto ao ano 2019. No caso das rexións polacas, a pesar que na base de datos Eurostat os datos aparecen como definitivos, semella complicado que nas 3 rexións que aparecen neste listado producisen exactamente o mesmo que no ano anterior. Polo demais, Noord-Brabant destaca cun crecemento do 7,5%, superando ao sur de Irlanda, que foi a segunda rexión cun maior crecemento, cun 3,6%. Galicia foi a cuarta rexión cun maior aumento da produción, con 75 mil t máis (+2,6%) que no 2019.




Figura 4. Variación da produción (x1.000 t e %) nas principais rexións produtoras de UE-27 (2019-2020).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

Na Figura 5 analízase a produción de Galicia respecto das rexións cunha produción similar (no rango de 2,75-3,25 millóns de t no ano 2020) nos últimos 5 anos, para ver a situación e posible evolución de Galicia respecto destas. No rango comentado atópanse 6 rexións, Mazowiecki (3,23 millóns t), Basse-Normandie (3,19 millóns t), Schleswig-Holstein (3,10 millóns t), Galicia (2,97 millóns t), Podlaskie (2,91 millóns t) e Lüneburg (2,86 millóns t). O maior



incremento rexístrase en Mazowiecki, pero como xa se comentou antes, aínda que sen influencia nesta análise, os datos das rexións polacas non semellan tan claros como no resto de rexións. Porén, entre o resto de rexións, Galicia, cun 9,92% de aumento nos 5 anos, cun crecemento constante ano tras ano, é a que máis aumenta a produción, polo que de manterse esta tendencia podería chegar a situarse a medio prazo como a sétima rexión produtora da Unión Europea.




Figura 5. Variación da produción nas rexións cunha produción similar a Galicia na UE-27 (2016-2020).

Fonte: Elaboración propia a partir da Eurostat.

SERVIZO DE ESTUDOS E INFORMES SECTORIAIS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

ISSN: 2792-3789

Autor: Adrián Botana Fernández



Fundación
Juana de Vega